# Manifesto en lectura fácil
# con motivo da Campaña do X Solidario

As asociacións do Terceiro Sector Galego
que loitamos contra a pobreza e a exclusión social
pedímoslle a todas as persoas
que fan a súa Declaración da Renda
marquen o recadro do X Solidario.

Este recadro tamén se chama
**Actividades de Interese Social**.

A sociedade está a pasar por momentos difíciles
por culpa da economía e dos conflitos sociais
e moitas persoas dependen da axuda
de moitas ONG.

O diñeiro que se recada grazas ao X Solidario
permite que as ONG axuden a estas persoas.

As persoas que fan a declaración da renda
poden decidir o destino dos seus impostos.

Cando fas a declaración da renda tes 4 opcións:

1. Marcar o recadro **106** de **Fins Sociais**.
   Ao marcar este recadro
   Unha parte dos teus impostos chega as ONG
   para que realicen proxectos
   que axuden ás persoas que máis o necesitan.

2. Marcar os 2 recadros de **Fins sociais** e **Igrexa Católica**.
   Cando marcas os 2 recadros
   unha parte dos teus impostos chega as ONG
   e outra parte dos teus impostos
   chega á Igrexa católica.
   Ti non pagas máis impostos
   por marcar os 2 recadros
   nin tampouco recibes menos diñeiro.

3. Podes marcar só o recadro da Igrexa Católica.

4. Podes deixar en branco os dous recadros.
   Neste caso, o Estado decide o que fai
   cos teus impostos.

www.xsolidaria.org

En España hai máis de 12 millóns de persoas
que viven en risco de pobreza ou exclusión social.
Máis de medio millón destas persoas
son galegas.

Sen a axuda das ONG
moitas persoas non poderían ter unha vida digna.
Falamos de:

- Persoas maiores,
- Persoas con discapacidade,
- Persoas enfermas de cancro,
- Mulleres vítimas de violencia machista,
- Xente moza,
- Nenos e nenas.

No ano 2023 as entidades galegas

organizaron 733 proxectos

grazas ao X Solidario.

Pero aínda hai moitas persoas

que non marcan o X Solidario.

Se o fixeran, recadaríanse 15 millóns de euros máis.

Por iso, as entidades sociais galegas
queremos que máis xente marque o recadro de Fins Sociais
para poder facer organizar máis programas e proxectos
que axuden ás persoas que máis o necesitan.

A todas as persoas que non marcan o X Solidario
queremos recordarlles que:

- Marcar o X Solidario non custa nada.
  Non tes que pagar máis
  e non che van a devolver menos diñeiro.

- Podes marcar os 2 recadros:
  **Fins sociais** e **Igrexa Católica**.